



Que grande invento!

- **Obxectivos da actividade:**

- practicar a narración de historias (storytelling)
- buscar e seleccionar información relevante e de calidade
- preparar un guión para un discurso oral con apoio visual
- contar a historia dun obxecto con soltura e fluidez, mirando o público, non a pantalla (Duración: 3', 1 persoa; 5'30'', 2 persoas)

- **Desenvolvemento:**

Sortearanse os inventos de relevancia mundial. Logo, teredes que facer unha pequena busca en internet e informarvos da importancia do invento (de onde provén, quen lle puxo nome, quen foi o seu creador ou creadora, algunha curiosidade relacionada con ese obxecto, etc.).

Teredes que tomar notas e procurar pouca e boa información para presentar este traballo. Prepararedes unha pequena presentación de diapositivas (3 mínimo, 5 máximo), con este guión:

Diapositiva 1: título suxestivo e atraente, imaxe do obxecto, datos abaixo á dereita do/a alumno/a.

Diapositiva 2-3: inventor / a, imaxes de orixe, data de invención

Diapositiva 4-7: imaxe, usos actuais...

As diapositivas apenas levarán texto, só pequenos títulos ou palabras ou datas clave.

Por último, teredes que contarlle oralmente ao resto de compañeiros cal é a historia detrás dese invento en 3 minutos (ou 5'30'' se o facedes en parella).

- **Temporalización, prazo:**

3 sesións: busca de información, confección de presentación e guión.

Comezo das exposicións: 21 de marzo (colgarase a orde destas presentacións proximamente)

- **Criterios de avaliación:**

- Aproveitamento do tempo na clase para a tarefa.
- Busca e utilización da información necesaria e deseño adecuado da presentación de diapositivas.
- Axuste da presentación e dos tempos ao solicitado.
- Narración da historia do obxecto con soltura e fluidez, sen mirar apenas a pantalla.

- **Obxecto que me tocou:** _____